

ANUNCIO POLO QUE SE FIXA A DATA LÍMITE DE SOLICITUDE PARA CAMBIOS DE TITULARIDADE DOS PREDIOS DE SUBSTITUCIÓN NA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA ARCOS (MAZARICOS-A CORUÑA)

O 16.01.2026 a directora xeral de Desenvolvemento Rural emitiu resolución segundo o previsto no artigo 41.3 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial de Galicia (modificada pola Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas), na que se acorda establecer como **data límite** para solicitar **cambios de titularidade dos predios de substitución** o **13.02.2026** (inclusive).

No caso de que queiran solicitar a tramitación destes cambios deberán presentar ante o Servizo de Infraestruturas Agrarias da Coruña:

- 1 A solicitude de cambio de titularidade.
- 2 A escritura pública da transmisión da titularidade e a liquidación do imposto correspondente.

Nota: So se tramitarán as transmisións da propiedade dos predios de substitución íntegros.

Indícase que, en todo caso, a persoa adquirente quedará subrogada na posición da anterior persoa titular, coas limitacións, deberes e obrigas que resulten do proceso.

A Coruña, na data da sinatura dixital

A xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Coruña
María Belén Mosquera Val

